



PROGRAMA DE EMPREGO CON APOIO – 2025

Axuda ás entidades promotoras de programas de emprego con apoio para financiar os custos laborais e da seguridade social derivados da contratación dos preparadores e preparadoras laborais que levan a cabo as accións de emprego con apoio

Prazo aberto do 28 de agosto ás 09:00h ao 30 de setembro de 2025

Orzamento 450.000 €



Persoas e entidades beneficiarias

- Asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro.
- Centros Especiais de Emprego e Empresas de Inserción Laboral.
- Empresas do mercado ordinario de traballo, incluídas as persoas autónomas.

As persoas e entidades beneficiarias deberán contar no seu cadro de persoal con preparadores ou preparadoras laborais especializados.



Contía dos incentivos á contratación do persoal preparador

Apoio do persoal preparador a persoas con parálise cerebral, enfermidade mental ou con discapacidade intelectual , cun grao de discapacidade recoñecido $\geq 65\%$	11.083,33 € anuais / persoa	+ Acumulable 25% Muller Persoa > 45 anos Emigrante retornada Estranxeira Concello rural Persoa trans
Apoio do persoal preparador a persoas con parálise cerebral, enfermidade mental ou con discapacidade intelectual , cun grao de discapacidade recoñecido entre o 33% e o 65%	6.550,00 € anuais / persoa	
Apoio do persoal preparador a persoas con discapacidade física ou sensorial cun grao recoñecido $\geq 65\%$, xordas e con discapacidade auditiva cun grao de discapacidade $\geq 33\%$, ou en situación ou risco de exclusión social	4.156,25 € anuais / persoa	
Apoio do persoal preparador a persoas con capacidade intelectual límite	1.625,00 € anuais / persoa	

- A contía será **proporcional** á duración do contrato e/ou ao tipo de xornada.
- No caso de que a persoa preparadora **preste apoios en centros ou empresas de varios concellos**, poderá solicitar **un incremento de ata 2.500 €** en concepto de custos de desprazamentos.



PROGRAMA DE EMPREGO CON APOIO – 2025



Accións de emprego con apoio

As accións de emprego con apoio desenvolveranse no marco de proxectos de emprego con apoio, nos cales deberanse recoller, polo menos, as seguintes accións:

- Orientación, asesoramento e acompañamento elaborando o seu programa de adaptación.
- Achegamento e axuda mutua entre a persoa, a empresa e o persoal da empresa que comparta tarefas coa persoa traballadora apoiada.
- Apoio no desenvolvemento de habilidades sociais e comunitarias.
- Adestramento específico nas tarefas inherentes ao posto de traballo.
- Seguimento da persoa e avaliación do proceso de inserción no posto de traballo para detectar necesidades, ameazas ou riscos que poñan en perigo a inserción e permanencia no emprego.
- Asesoramento e información á empresa sobre necesidades e adaptación do posto de traballo.



Persoas destinatarias finais

Persoas traballadoras con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social, inscritas* nos servizos públicos de emprego como demandantes de emprego non ocupados, así como persoas traballadoras procedentes de centros especiais de emprego, de empresas de inserción ou da empresa ordinaria que se inclúan nalgún dos seguintes supostos:

- Persoas con parálise cerebral, con enfermidade mental ou con discapacidade intelectual cun grao recoñecido $\geq 33\%$.
- Persoas con discapacidade física ou sensorial cun grao de discapacidade recoñecido $\geq 65\%$.
- Persoas xordas e con discapacidade auditiva cun grao de discapacidade recoñecido $\geq 33\%$.
- Persoas en situación ou en risco de exclusión social recoñecido que non teñan ningunha das discapacidades indicadas.
- Persoas con capacidade intelectual límite.

Acceso á ficha da sede electrónica



[Pulsa ou escanea]

* Excepto nos casos previstos no artigo 4.1a) do Real decreto lei 1/2023.



Principais requisitos das entidades beneficiarias

- No caso das entidades sen ánimo de lucro, subscribir un convenio de colaboración coa empresa que vai contratar ás persoas traballadoras con discapacidade, en situación ou en risco de exclusión social destinatarias do emprego con apoio.
- Tamén as entidades sen ánimo de lucro deben ter por obxecto social, entre outros, a inserción laboral ou a creación de emprego a favor de persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social.
- Contar cos recursos materiais e persoais de preparación laboral especializada segundo os requisitos establecidos, que garantan o desenvolvemento idóneo do Programa.
- Ter experiencia acreditada no desenvolvemento de programas de integración laboral de persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social.
- Desenvolver as actividades de emprego con apoio de modo totalmente gratuíto.